

PROXECTOS FP DUAL EN CENTROS EDUCATIVOS DA CONTORNA DE VIGO

**CURSO
2022-23**

LUGAR E PRAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES



www.edu.xunta.gal/fp/fpdual-convocatoria-2022

**Do 23 xuño ás 9:00
ao 5 xullo ás 13:00**



IES Fermín Bouza Brey



CS Mecatrónica industrial

Que se aprende a facer?

Configurar e optimizar sistemas mecatrónicos industriais, así como planificar, supervisar e/ou executar a súa montaxe e o seu mantemento, seguindo os protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais, e de respecto ambiental.

Que ocupacións se desempeñan?

Técnico/a en planificación e programación de procesos de mantemento de instalacións de maquinaria e equipamento industrial; xefe/a de equipo de montadores/as de instalacións de maquinaria e equipamento industrial; xefe/a de equipo de mantedores/as de instalacións de maquinaria e equipamento industrial.

CS Automatización e robótica industrial

Que se aprende a facer?

Desenvolver e xestionar proxectos de montaxe e mantemento de instalacións automáticas de medida, regulación e control de procesos en sistemas industriais, así como supervisar ou executar a montaxe, o mantemento e a posta en marcha deses sistemas, respectando criterios de calidade, seguridade, protección ambiental e deseño universal.

Que ocupacións se desempeñan?

Xefe/a de equipo de supervisión de montaxe de sistemas de automatización industrial; xefe/a de equipo de supervisión de mantemento de sistemas de automatización industrial; verificador/ora de aparellos, cadros e equipamentos eléctricos; xefe/a de equipo en taller electromecánico; técnico/a en organización de mantemento de sistemas de automatización industrial; técnico/a de posta en marcha de sistemas de automatización industrial; proxectista de sistemas de control de sistemas de automatización industrial; proxectista de sistemas de medida e regulación de sistemas de automatización industrial; proxectista de redes de comunicación de sistemas de automatización industrial; programador/ora controlador/ora de robots industriais; técnico/a en deseño de sistemas de control eléctrico; deseñador/ora de circuitos e sistemas integrados en automatización industrial.



I.E.S. ARMANDO
COTARELO VALLEDOR



CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma

Que se aprende a facer?

A competencia xeral deste título consiste en desenvolver, implantar, documentar e manter aplicacións informáticas multiplataforma, utilizando tecnoloxías e contornos de desenvolvemento específicos, garantindo o acceso aos datos de xeito seguro e cumprindo os criterios de usabilidade e calidade esixidos nos estándares establecidos.

Que ocupacións se desempeñan?

Desenvolvedor/ora de aplicacións informáticas para a xestión empresarial e de negocio; desenvolvidor/ora de aplicacións de propósito xeral; desenvolvidor/ora de aplicacións no ámbito do entretemento e a informática móbil.

CM Aceites de oliva e viños

Que se aprende a facer?

Elaborar e envasar aceites de oliva, viños e outras bebidas de acordo cos plans de produción e calidade, efectuando o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos e aplicando a lexislación de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

Que ocupacións se desempeñan?

Bodegueiro/eira, elaborador/ora de viños, cavas, sidra e outras bebidas e derivados. Mestre/a de lagar, extracción e refinamento de aceites de oliva. Recepcionista de materias primas. Operador/ora de sección de embotellamento e/ou envasamento. Auxiliar de laboratorio en lagares e adegas. Auxiliar de control de calidade en lagares e adegas. Comercial de lagares e adegas.

CIFP
Centros Integrados
Formación Profesional
A GRANXA



CM Xardinería e floraría

Que se aprende a facer?

A competencia xeral deste título consiste en instalar, conservar e restaurar xardíns de exterior e interior, así como pradarias para uso deportivo, e realizar as actividades de produción de planta e de floraría, manexando e mantendo a maquinaria e as instalacións, consonte a normativa ambiental, de control de calidade e de prevención de riscos laborais.

Que ocupacións se desempeñan?

Traballador/ora de hortas, viveiros e xardíns; xardineiro/a en xeral; xardineiro/a coidador de campos de deporte; traballador/ora de parques urbanos e de xardíns históricos e botánicos; traballador/ora cualificado/a na instalación de xardíns e zonas verdes; traballador/ora cualificado/a en mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes; traballador/ora cualificado/a por conta propia en empresa de xardinería; viveirista; traballador/ora en viveiros en xeral; traballador/ora cualificado/a en propagación de plantas en viveiros; traballador/ora cualificado/a en cultivo de plantas en viveiros; traballador/ora especialista en recolección de sementes e froitos en altura; traballador/ora cualificado/a en produción de sementes; enxertador/ora, traballador/ora cualificado en viveiros; florista por conta propia ou allea; oficial de floraría; vendedor/ora de floraría.



CM Carrocería

Que se aprende a facer?

Realizar as operacións de reparación, montaxe de accesorios e transformacións do vehículo na área de carrozaría, bastidor, cabina e equipamentos ou apeiros, axustándose a procedementos e tempos establecidos, e cumprindo as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

Que ocupacións se desempeñan?

Chapista reparador/ora de carrozaría de automóviles, vehículos pesados, tractores, maquinaria agrícola, de industrias extractivas, de construción e obras públicas, e material ferroviario. Instalador/ora de cristais e montador/ora de accesorios. Pintor/ora de carrozaría de automóviles, vehículos pesados, tractores, maquinaria agrícola, de industrias extractivas, de construción e obras públicas, e material ferroviario.



IES RIBEIRA DO LOURO



CM Pedra Natural

Que se aprende a facer?

A competencia xeral deste título consiste en extraer e elaborar pedra natural segundo as técnicas e procesos establecidos, así como en colocala e restaurala, manexando e mantendo ferramentas e maquinaria, e cumprindo coas especificacións de calidade, seguridade laboral e protección ambiental.

Que ocupacións se desempeñan?

Canteiro/a; operario/a de maquinaria de arranque e conformación de bloques; elaborador/a de sillería; operario/a de maquinaria de control numérico de pedra natural; operador/a de torneiro-fresaxe de pedra; operador/a de máquina; tallista, labrador/a, cortador/a de pedra natural; operario/a de tratamentos químicos para pedra; embalador/a-empaquetador/a-etiquetador/a; colocador/a de conxuntos artesanais de pedra natural; colocador/a de placas; instalador/a de fachadas ventiladas; pulidor/a para pisos; traballador/a de mármore da construción; operario/a cualificado/a en mantemento e restauración de pedra natural; traballador/a especializado/a na confección de cadros, moldes, modelos e maquetas para traballos de pedra natural.